

Desexámosvos...


un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



<http://www.pinterest.com/micabigotes/>
<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>
<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2014

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



3º ciclo primaria

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s
ides escribir ...

...e anque algún di que a
crise é historia, déixate
de historias e, un ano
máis, ORGANÍZATE para
ser pedichón ou

pedichona!!!. Fala cos
teus e coas túas compas e poñédevos outra vez
de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e
pedide unha libretiña chula. Así poderedes
intercambiar os libros unha vez que os leades,
facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca
con empréstito incluído. A libretiña?. Para
anotar a quen prestades os vosos libros e
saber a quen reclamarllos no caso de
moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia,
pero en "analóxico".

3º CICLO PRIMARIA:

- **Leviatán-R.Trigo-factoría K:** Non é tan
fácil coma
aparenta. Faráche
pensar en coma
tratamos ao
planeta. E tamén
ha lembrarche a
outra coñecida
balea. Atrévete.
É ben fermoso

este libro.



- **Miña querida Sherezade-Andrea Maceiras-Baía:** Un
libro vello, que sente a morte
de preto, sabe que aínda ten
moito que contar. Historias
que non están escritas con
tinta, senón gravadas no seu
corazón.




- **Sanatoria.Hª dos nenos raros-F.Grimalt.Baía:** @s protagonistas, oito
nen@s rar@s, escapan
unha noite de inverno do
psiquiátrico onde estaban
recluíd@s. Poderán
estender a loucura neste
"enfermo mundo de
cordos"?



- **Volverás, golfiño_Andrea Maceiras-Xerais:** Hai unha chea de historias de
nen@s que deben irse vivir
á casa dos avós. É o caso de
Iris. Irá á Costa da Morte,
descubrirá un baúl co seu
nome no faiado... Segredos,
lendas, escuridade, coa luz
de fondo do faro en Cabo
Vilán, e nas areas da praia
do Trece...se che gusta a aventura e o
misterio, este é o teu libro.



- **O v e l l a
descarreiradaMarilar
Aleixandre-
Xerais:** Poesía para
espertarche emocións e
pensamentos. Para
seguir o ritmo das
abellas, o pasmo do
polbo no garaxe, os
whatsapps das ovillas, o
bruar da vaca ou ao demo negro con
poutas de lama.



- **Tanto Como-E.Roda-
Factoría K:** Todo o cotiá
e aparentemente sinxelo
pode levarnos á
creatividade. Unha soa
imaxe, un pequeno texto,
pode ter moitas
interpretacións diferentes. Para ler a
soas. Para ler acompañ@. Para
comentar. Para gardar para un/ha
mesm@

- **Cantos de sol a sol
-Neira Vilas-
Galinova:** Os poemas
de Neira Vilas na voz
de cantantes coma
María do Ceo, Xabier
Díaz...

